



## Concello de Boiro

### CERTIFICADO

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
752/2020	A Xunta de Goberno Local

**Severino Abalo Chouza, EN CALIDADE DE SECRETARIO DESTES ÓRGANO,  
CERTIFICO:**

Que, na sesión desenvolvida o 12 de febreiro de 2020 se adoptou o seguinte acordo:

**Expediente 752/2020. APROBACIÓN DE BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL, DUNHA PRAZA DE DOCENTE PARA IMPARTI-LA ACCIÓN FORMATIVA “SERVIZOS DE BAR E CAFETERÍA” CORRESPONDENTE Ó PLAN AFD 2019.**

Sobre a mesa o expediente tramitado para a aprobación das bases de selección destinadas á cobertura laboral temporal dun/ha docente para a impartición da acción formación formativa “servizos de bar e cafetería” correspondente ó Plan AFD 2019.

Consta o informe emitido pola técnica municipal de recursos humanos, coa proposta de bases, así como a conformidade do Sr. Alcalde e a fiscalización favorable da intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións conferidas por Resolución da Alcaldía de data de 09/07/2019 (BOP núm. 137, do 22/07/2019), en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, adopta este acordo:

**PRIMEIRO.** Aproba-las bases reguladoras do proceso selectivo para a confección dunha lista para a cobertura laboral temporal dun/ha docente para a impartición da acción formación formativa “servizos de bar e cafetería” correspondente ó Plan AFD 2019, segundo o texto que se inclúe ó final deste acordo.

**SEGUNDO.** Que se tramite o expediente de selección de conformidade co previsto nas bases aprobadas e na lexislación vixente.

**“BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL, DUNHA PRAZA DE DOCENTE PARA IMPARTI-LA ACCIÓN FORMATIVA “SERVIZOS DE BAR E CAFETERÍA”CORRESPONDENTE Ó PLAN AFD 2019**

Concello de Boiro





## Concello de Boiro

### 1º .-OBXECTO:

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal dun/ha docente para a impartición de parte da acción formativa denominada “SERVIZOS DE BAR E CAFETERÍA” código (HOTR0508) a través do procedemento que se regula nestas bases, de conformidade co disposto no RDLex 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Os módulos desta especialidade formativa obxecto desta contratación (490) son os que a continuación se relacionan:

H.Q	MÓDULOS CERTIFICADOS	H. CP	UNIDADES FORMATIVAS	HORAS
90	MF1046_2 Técnicas de servizo de alimentos e bebidas en barra e mesa	70		70
90	MF1047_2 Bebidas	80		80
90	MF1048_2 Servizo de viños	90		90
90	MF1049_2 Elaboración e exposición de comidas no bar- cafetería	50		50
120	MF1050_2 Xestión do bar-cafetería	120	UF0256: Control da actividade económica do bar e cafetería	90
			UF0257: Aplicación de sistemas informáticos no bar e cafetería	30
	MP0057: Módulo de prácticas profesionais non laborais	80		80
TOTAL HORAS A IMPARTIR				490

2º.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN: O contrato de traballo formalizarase baixo a modalidade contractual laboral temporal por obra ou servizo a tempo parcial (5 horas/día) ó abeiro do Real Decreto 2720/1998 de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de duración determinada.

A contratación da persoa seleccionada estará supeditada á súa validación por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria, así coma de contar co número mínimo de alumnos/as establecido para a realización do curso.

En principio, agás cambios sobrevidos na planificación formativa, a relación

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: AFTWH5STLNLW4YNCHPYKC46LL4 | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 13



## Concello de Boiro

contractual co docente desta acción formativa iniciárase no mes de marzo de 2020 e se desenvolverá nos seguintes períodos:

- 1) Do 23/03/2020 ó 21/07/2020.
- 2) Do 03/09/2020 ó 24/09/2020.

3º.- SISTEMA DE ACCESO: Concurso - Oposición.

4º.- PUBLICIDADE: Para darlle publicidade a este proceso de selección, inserírase un anuncio nun dos diarios de maior tirada de Galicia e exporase un anuncio na páxina WEB do concello, no taboleiro municipal de anuncios e en todos aqueles lugares onde se considere oportuno.

5º.- REQUISITOS DOS CANDIDATOS.

Para poder tomar parte no proceso selectivo será necesario que os aspirantes reúnan, na data de finalización do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos segundo o establecido no artigo 56 do RDLex. 5/2015 texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público:

- A) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
- B) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder de aquela para a xubilación forzosa por idade.
- C) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo.

A condición de minusvalía ou incapacidade e a súa compatibilidade co posto a ocupar acreditarase conforme á normativa vixente e referida ó día de formalización do contrato mediante certificado médico oficial, caso de ser seleccionado.

D) Non atoparse incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar co concello de Boiro.

E) Non ser despedido mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos.

F) Capacidade profesional: Cumprir os requisitos para o docente desta acción formativa no apartado IV RD 1526/2009, do 24 de xullo, modificado polo RD 685/2011, do 13 de maio e polo RD 619/2013, de 2 de agosto, polo que se establece o certificado de profesionalidade de "servizos de bar e cafetería" (BOE nº 208 de 28/08/2009) e RD 189/2013, do 15 de marzo, polo que se modifica o RD 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de

Concello de Boiro





## Concello de Boiro

profesionalidade e os reais decretos polos que se establecen os certificados de profesionalidade ditados na súa aplicación (BOE nº 69 de 21/03/2013).

ACREDITACIÓN REQUERIDA	EXPERIENCIA PROFESIONAL REQUERIDA	
	CON ACREDITACIÓN	SEN ACREDITACIÓN
- Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes.  - Diplomado, Enxeñeiro Técnico, Arquitecto Técnico ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes. - Técnico Superior da familia profesional de Hostalería e turismo.  - Certificados de Profesional de nivel 3 da área profesional de Restauración da familia profesional de Hostalería e turismo.	1 ANO	3 ANOS

G) Capacidade docente: Estar en posesión do certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou do certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego. A formación en metodoloxía didáctica de formación profesional para adultos será equivalente ao certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou ao certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego, sempre e cando se obtivera ata o 31/12/2013.

Deste requisito estarán exentos (art. 13 do RD 34/2008, de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade):

1.- Quen estea en posesión das titulacións universitarias oficiais de licenciado en Pedagogía, Psicopedagogía ou de Mestre en calquera das súas especialidades, dun título universitario de graduado no ámbito da Psicoloxía ou da Pedagogía, ou dun título universitario oficial de posgrao nos citados ámbitos.

2.- Quen posúa unha titulación universitaria oficial distinta das indicadas no apartado anterior e ademais atópense en posesión do Certificado de Aptitude Pedagóxica ou dos títulos profesionais de Especialización Didáctica e o Certificado de Cualificación Pedagóxica. Así mesmo estarán exentos quen acredite a posesión do Máster Universitario habilitante para o exercicio das Profesións reguladas de Profesor de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Escolas Oficiais.

de Idiomas e quen acredite a superación dun curso de formación equivalente á formación pedagóxica e didáctica esixida para aquelas persoas que, estando en posesión dunha titulación declarada equivalente a efectos de docencia, non poden realizar os estudos de máster, establecida na disposición adicional primeira do Real Decreto 1834/2008, do 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e os ensinos de réxime especial e establécense as especialidades dos corpos docentes de ensino secundario.

3.- Quen acredite unha experiencia docente contrastada de polo menos 600 horas no últimos

## Concello de Boiro





## Concello de Boiro

dez anos en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.

### 6º.- FORMA E PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS:

Os aspirantes que desexen tomar parte nesta selección deberán presentar as súas instancias dirixidas ó señor Alcalde-Presidente, en modelo que se engade como ANEXO I, na sede electrónica do Concello de Boiro <https://boiro.sedelectronica.gal> ou no Rexistro Xeral do Concello de Boiro en horario de atención ó público durante o prazo de dez días hábiles a partir do seguinte ao de publicación do anuncio de convocatoria no diario correspondente.

No caso de ser presentadas por correo ou noutros rexistros, e a efectos de poder realiza-lo seu seguimento, as persoas solicitantes deberán remitir unha copia da instancia xa rexistrada mediante correo electrónico dirixido a [persoal@boiro.org](mailto:persoal@boiro.org)

As instancias irán acompañadas da seguinte documentación (copia electrónica):

- DNI.
- Certificado que acredite, como mínimo, CELGA 4 ou equivalente.
- Documentación acreditativa do requisito de capacidade profesional (base 5.F)
- Documentación acreditativa do requisito de capacidade docente (base 5.G)
- Memoria (Base 7.1)
- Escrito asinado de autobaremação de méritos detallado do/a aspirante con arranxo ós criterios de puntuación establecidos nas presentes bases.
- Documentos acreditativos dos méritos a valorar relacionados no escrito de autobaremação. Dita documentación deberá ir grampada, ordeada e numerada segundo a orde en que se citen os méritos de autobaremação. Aqueles méritos non acreditados non serán valorados.

Non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento presentou os citados documentos.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada. A

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: AFTWH5STLNLW4YNCHPYK46LL4 | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 13



## Concello de Boiro

consignación de datos falsos na solicitude ou na documentación achegada polos aspirantes sancionárase coa anulación da solicitude, sen prexuízo das demais medidas legais que correspondan.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes superen a proba selectiva.

### 7º.- SELECCIÓN DE ASPIRANTES:

#### 7.1.- OPOSICIÓN: Máximo 15 puntos:

Primeiro exercicio: Consistirá na defensa durante un período máximo de 15 minutos, dunha memoria que versará sobre a programación dunha unidade de competencia do certificado de profesionalidade da especialidade para a que o/a candidato/a se presente, dirixida a un grupo de 15 alumnos. A memoria deberá presentarse xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, e terá unha extensión non superior a 8 páxinas en formato A4.

Ao finalizar a defensa da memoria por parte do/a aspirante, os membros do tribunal cualificador poderán facer tódalas preguntas que consideren oportunas para constatar os coñecementos sobre a materia, criterios pedagóxicos, e as aptitudes do/da candidato/a para poder proceder posteriormente a súa avaliación.

Valorarase o contido e adecuación da programación, a aptitude e claridade na exposición e os coñecementos sobre a materia.

O exercicio puntuarase de 0 a 15 puntos. Serán eliminados os/as aspirantes que non superen o 7,5.

Segundo exercicio: A proba de coñecemento da lingua galega está dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que as/os aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoo ás probas que consideren máis adecuadas para tal comprobación. Esta proba cualificarase como apto ou no apto.

Sen embargo, as persoas aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega, con carácter previo e da maneira normativamente establecida de acordo co previsto na Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 16 de xullo de 2007, mediante a presentación do certificado que acredite ter, como mínimo o CELGA 4, daráselles por superada esta proba coa cualificación de apto.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, sendo excluídos do proceso selectivo quen non compareza, salvo supostos de forza maior debidamente xustificadas, que serán apreciados libremente polo Tribunal.

## Concello de Boiro





## Concello de Boiro

De ser posible, realizaranse estes dous exercicios na mesma sesión.

### 7.2.- FASE DE CONCURSO:

Esta fase de concurso non ten carácter eliminatorio, as puntuacións outorgaranse e se farán públicas unha vez celebrada a fase de oposición, realizándose exclusivamente respecto dos aspirantes que superasen a mesma. Nesta fase valoraranse os méritos que a continuación se detallan e referidos ó día da data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

#### EXPERIENCIA PROFESIONAL (Máximo 2 puntos):

Relativa a experiencia profesional no exercicio da profesión. Non se valorará o tempo traballado que fose acreditado para supli-la carencia de titulacións nin o que se precisa como obrigatorio polo certificado de profesionalidade.

Por cada mes traballado a xornada completa: 0,05 puntos

A experiencia profesional acreditarase de acordo co seguinte detalle:

- a) Traballadores asalariados ou por conta allea: Será necesario presentar contrato de traballo ou certificado de empresa onde se especifique a categoría profesional e o tempo traballo así como informe de Vida Laboral expedido pola TXSS.
- b) Traballadores autónomos ou por conta propia: informe de Vida Laboral expedido pola TXSS no que se especifiquen os períodos de alta no réxime especial correspondente e descrición da actividade desenvolvida. Asemade xustificarse o traballo efectivo no período de alta na Seguridade Social coa presentación de facturas, libros de contas ou calquera outro medio válido en dereito.

#### EXPERIENCIA DOCENTE (Máximo 5 puntos):

Valorarase a experiencia docente no exercicio da profesión.

- Por cada hora de formación para o emprego impartida na mesma especialidade na que concursa: 0,003 (máximo 4 puntos)

- Por cada hora de formación para o emprego impartida doutra especialidade da mesma familia profesional: 0,001 (máximo 1 punto)

A experiencia acreditarase coa mesma documentación que a detallada no caso da acreditación da experiencia profesional e, ademais, con documentación xustificativa da formación impartida: denominación do curso, módulo ou unidade de competencia así como as horas e as datas.

#### -FORMACIÓN COMPLEMENTARIA (Máximo 2 puntos):

Valoraranse os cursos debidamente acreditados e homologados, relacionados coas materias obxecto desta convocatoria, impartidos polas administracións públicas, institucións e/ou entidades autorizadas a razón de:

- De 20 a 59 horas: 0,10 punto/curso
- De 60 a 99 horas: 0,20 puntos/curso

## Concello de Boiro







## Concello de Boiro

- De 100 a 149 horas: 0,30 puntos/curso
- De 150 a 199 horas: 0,50 puntos/curso
- De 200 ou mais: 1 punto/curso

Neste apartado inclúense os cursos de Técnicos Superiores e/ou Másters impartidos polas universidades públicas.

Os cursos sobre ofimática puntuaranse segundo o anterior apartado cun tope máximo de 0,20 puntos.

Non se valorará ningún curso cuxa materia este comprendida dentro do temario doutro curso de máis horas presentado polo mesmo solicitante.

### 8º.- TRIBUNAL CUALIFICADOR:

Estará formado por un Presidente e un secretario e por tres vogais designados pola Alcaldía na mesma Resolución pola que se aproba a lista definitiva de candidatos admitidos e excluídos. Todos os vogais deberán posuír nivel de titulación igual ou superior ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas.

Este tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, sendo sempre necesaria a presenza do Presidente e do Secretario.

Este tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispoñer da incorporación ó mesmo de Técnicos cualificados para colaborar nas tarefas de puntuación, baixo a dirección do tribunal, actuando con voz pero sen voto.

### 9º.- CONTIDO, DESENVOLVEMENTO E CUALIFICACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS:

A resolución da Alcaldía aprobatoria da lista definitiva de candidatos admitidos e a composición do tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, fixará tamén a data, hora e lugar na que deberá constituírse o tribunal, así como data, hora e lugar para o comezo das probas selectivas.

As persoas aspirantes concorrerán provistas do seu DNI, documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e tamén dos medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles. Serán convocados en chamamento único, quedando excluídos da oposición os que non comparezan, agás nos casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas libremente polo tribunal.

Por non ser obrigatoria a súa publicación, os anuncios de celebración das sucesivas probas ou exercicios, si iso procedese, con indicación do lugar e hora en que tivesen lugar, expóranse no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial, ó menos con 2 días de antelación.

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: AFTWH5STLNNW4YNCHPYKC46LL4 | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 13





## Concello de Boiro

### 10º.- CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS:

Á cualificación obtida polos aspirantes na fase de oposición, sumaráselle a puntuación obtida na fase de concurso, acadánsode así a puntuación final. Determidana a cualificación final dos aspirantes, o tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de anuncios da corporación.

Será seleccionado/a aquel/a que obteña maior puntuación global (sumadas as da fase de oposición e concurso)

En caso de empate na puntuación final do proceso selectivo establécese a seguinte orde de prioridade:

- Mellor puntuación obtida no primeiro exercizo.
- Maior experiencia docente.

De persisti-lo empate, dirimirase por sorteo público a celebrar ante o Tribunal Cualificador, do que se levantará a acta correspondente.

O tribunal cualificador enviará á Delegación da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia e ó departamento de persoal do concello, a relación de aspirantes por orde de puntuación acadada.

### 11º.- LISTAXE DE SUBSTITUCIÓN E CHAMAMENTO ÓS INTEGRANTES DA LISTAXE

Na acta da última sesión, incluírase unha relación dos/as aspirantes que tendo superados os exercicios da oposición, no seu caso, non fora incluídos na proposta de contratación , a efectos de poder, se así se considera, ser contratados no caso de que o posto quedase baleiro antes do remate da actividade, sexa por baixa ou renuncia do/a seleccionado/a, por incapacidade temporal ou para o caso de que a consellería competente non validase a contratación do candidato seleccionado polo tribunal cualificador.

Así mesmo, se o órgano competente para a contratación o estimase oportuno, a persoa que resulte seleccionada neste proceso selectivo e coa que se formalice contratación, así coma as que poidan ser incluídas na listaxe de substitucións que propoña o Tribunal seleccionador a que se refire o parágrafo anterior, poderán ser chamadas para contratacións ou nomeamentos coa mesma ou similar categoría profesional que xurdan no futuro, entendéndose expresamente incluídas as contratacións ou prestación de servizos para imparti-la acción formativa de “SERVIZO DE BAR E CAFETERÍA” e outras accións similares ou da mesma familia profesional nas que se esixan os mesmos requisitos de capacidade profesional e docente.

Neste caso respectaríase o sistema rotatorio de chamamento de compoñentes

Concello de Boiro





## Concello de Boiro

da listaxe, por orde de puntuación dos aspirantes.

A renuncia ou a non finalización dun contrato no prazo establecido por causas imputables ó/a traballador/a, suporá o paso ao último lugar da lista correspondente. Así mesmo, unha nova renuncia suporá a exclusión definitiva da listaxe.

Os períodos de proba serán acordes coa lexislación vixente. Se un/ha traballador/a non supera o período de proba suporá a exclusión definitiva da lista.

Os/as integrantes da listaxe que acumulen un ou varios contratos temporais conservará a súa orde de prelación da devandita listaxe, ata que se cumpra un período de 6 meses (sumando as diversas contratacións), a partir do cal pasará a situarse ao final dela, coa finalidade de garanti-lo sistema rotativo e a igualdade de oportunidades para todos os alistados.

A vixencia desta listaxe terá unha vixencia máxima de catro anos ou ata que a Corporación a derogue expresamente ou se confeccione outra que a substitúa.

Os/as integrantes da listaxe que, sendo chamados para facer efectiva a contratación ou nomeamento, segundo o disposto neste artigo, non se presentaran no prazo de tres días hábiles ou renunciaran a esta, suporá, agás que se trate de causa de forza maior, o pase ó último lugar da lista correspondente. Así mesmo, unha nova renuncia suporá a exclusión definitiva da lista.

Procederá a suspensión dos chamamentos sen penalización algunha á petición do/a interesado/a e sempre que o xustifique suficientemente nos seguintes casos:

- Maternidade ou adopción legal.
- Exercicio de representación sindical ou cargo público electo.
- Matrimonio.
- Falecemento de familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.
- Coidado de fillos menores de 3 anos ou dun familiar ata o 2º grao consanguinidade ou afinidade que non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividades retribuídas.
- Incapacidade temporal.
- Calquera outra que a Comisión de Selección considere de forza maior.

### 12º.- NORMAS FINAIS:

Primeira: O tribunal queda facultado para resolver tódalas cuestións que

## Concello de Boiro





## Concello de Boiro

puideran suscitarse durante o desenvolvemento das probas ou na cualificación das mesmas, podendo adoptar cantas medidas estimen oportunas para a debida orde de selección, así coma os acordos precisos para a resolución de cantos litixios se susciten e cando a súa resolución non este prevista nestas bases.

Segunda: Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e demais lexislación vixente de aplicación.

Terceira: Agás a convocatoria (que se publicará segundo se establece no apartado 4º destas bases), os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso faranse públicos, exclusivamente, a través do Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

Cuarta: Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Quinta: Contra as presentes Bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses (contado dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer-lo recurso contencioso administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Concello de Boiro





## Concello de Boiro

### ANEXO

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
INSCRIPCIÓN PROCESO SELECTIVO DOCENTE ACCIÓN FORMATIVA "SERVIZOS DE BAR E CAFETERÍA	752/2020-1	SOLICITUDE

SOLICITANTE		
DNI	NOME E APELIDOS	
DATA NACEMENTO	LOCALIDADE NACEMENTO	PROVINCIA

ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN		
TELÉFONO	RÚA/ Nº	
MUNICIPIO	PROVINCIA	CORREO ELECTRÓNICO

#### A PERSOA SOLICITANTE DECLARA QUE:

Compre os requisitos sinalados na base 5ª das que rexen este proceso selectivo para a provisión, en réxime laboral temporal dunha praza de docente para imparti-la acción formativa "servizos de bar e cafetería" correspondente ó Plan AFD 2019, e os datos consignados son certos.

#### SOLICITA

Participar nas probas selectivas ás que se refire a presente solicitude e, asemade, se achega a seguinte documentación:

- DNI.
- Certificado que acredite, como mínimo, CELGA 4 ou equivalente.
- Documentación acreditativa do requisito de capacidade profesional (base 5.F)
- Documentación acreditativa do requisito de capacidade docente (base 5.G)
- Memoria (Base 7.1)
- Escrito asinado de autobareación de méritos detallado do/a aspirante con arranxo ós criterios de puntuación establecidos nas presentes bases.
- Documentos acreditativos dos méritos a valorar relacionados no escrito de autobareación. Dita documentación deberá ir grampada, ordeada e numerada segundo a orde en que se citen os méritos de autobareación. Aqueles méritos non acreditados non serán valorados.

Boiro, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_  
Asdo.-

Concello de Boiro





## Concello de Boiro

---

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Boiro**

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: AFTWH5STLNNW4YNCHPYKC46LL4 | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 13